COLABORACIÓNS páxinas 2 a 6
COMPLEMENTARIAS páxinas 7 a 9
ESCOLARES páxinas 10 a 15
RECANTOS páxinas 16 e 17
ANPA páxina 18 e 19

Visitamos a Praza de Abastos

O martes 2 de marzo, fixemos unha saída á praza. Ao chegar estábanos esperando unha monitora do Concello porque esta visita estaba organizada polo Departamento de Educación do Concello de Santiago.

Empezamos pola nave da carne: cabrito, porco, zorza, chourizos… Logo fomos á nave dos peixes e marisco. Canto había! Salmóns, congrios, rapantes, xureliños e anguías, que estaban vivas! E movíanse….

A continuación, a nave do marisco: navallas, caramuxos, nécoras, centolas, bois,….

Logo leváronnos por onde estaba a verdura e a froita. Unha das señoras vendía as sementes do repolo, dos pementos, dos chícharos, …Nesa parte tamén vendían empanadas e pan. A profe mercou un pouco e comémolo despois. Era de centeo e estaba riquísimo.

Ao rematar fomos a un sitio onde, se queres, lévanche a compra á casa, e outros servizos. Alí cambiamos unha moeda que nos deron ao chegar por unha peza de froita.

De volta ao cole demos un paseo pola parte antiga: a Praza de Cervantes, a Praza da Quintana, a das Praterías, onde Pedro nos ensinou como eran os cabalos, a Rúa do Vilar, …e chegamos ao cole

CINENSINO
"MÁIS ALÁ DOS SONOS"

ALICIA. 5ºA

Skeeter e Wendy son irmáns e viven no hotel de seu pai. Dende moi pequeniños están acostumados a traballar no hotel. A nena traballa como recepcionista e o neno de botóns.

Un día o pai dos nenos decide vender o hotel coa condición de que o dirixirá Skeeter cando sexa maior. A persona que compra o hotel non cumpre a súa promesa, pois Skeeter traballa arreglando avarías e o director é o noivo da filla do dono. Wendy ten dous fillos e traballa como directora do colexio onde estudan. De repente avísanna de que van demoler o Centro Escolar e ten que marchar en busca doutro traballo. Patrik e Bobby, os fillos de Wendy, quedan ao coidado do seu Tio e de Gil, a mellor amiga de Wendy.

Todas as noites Skeeter lles conta un conto que, ao día seguinte se fai realidade.

O dono do hotel ten que derrubar o colexio para construir un novo hotel. Para decidir quen o vai dirixir faise unha competición que consiste en dar un discurso sobre "a mellor idea para o novo hotel". Skeeter gaña a competición pero, os poucos minutos bótano do traballo. Para que os nenos non queden sen colexio, a Skeeter ocúrreselle outra idea, facer o hotel na Praia.

Finalmente o colexio sálvase, o hotel constrúese na Praia e Gil e Skeeter fanse noivos e viven no hotel, máis ben en "Marty´s Motel".